

Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000001
ACTA 01/2018


ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA VINTE E OITO DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZAOITO

No salón de plenos do concello de Cerdido, as vinte horas do día dezaoto de decembro de dous mil dezaoto, reúnen-se en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: Rocío Martínez Martínez, Cándido Eusebio Prieto Lago, Marina Tojeiro Martínez, David Prada Aneiros, Pablo Casas Cibreiro, Ana Rodríguez Montero, Juan José Ramos Prieto, José Esmoris Aldao, baixo a Presidencia do alcalde Benigno Galego Castro. Actúa de secretaria Paula Díaz Tie

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día

1. Aprobación, se procede, da acta do pleno reunido o día 18/12/2017. Os membros do Pleno por maioría dos presentes aprobaron a acta anterior. Cinco votos a favor dos concelleiros Rocío Martínez Martínez, Cándido Eusebio Prieto Lago, Marina Tojeiro Martínez, David Prada Aneiros e o voto do Sr. Alcalde e tres abstencións dos concelleiros Ana Rodríguez Montero, Juan José Ramos Prieto, José Esmoris Aldao.

2.- Aprobación do Inventario de bens e dereitos, segundo a documentación técnica facilitada pola empresa INCOSA investigación e control de calidade SA. Data de actualización 31/12/2016. Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: Antecedentes administrativos. Solicitud de colaboración realizada por parte do Concello de Cerdido á Deputación da Coruña para participar no programa provincial para a realización de inventarios municipais de data 05/11/2014. Resolución da Presidencia da Deputación da Coruña de día 08/02/2016 pola que se selecciona ao Concello de Cerdido para a elaboración do Inventario de Bens Municipais por parte da Deputación da Coruña. Resolución da Alcaldía de data 16/02/2016 no que se aceptaba a realización por parte da Deputación da Coruña dos traballos técnicos para a realización dun inventario municipal. Entrega por parte da empresa INCOSA, investigación e control de calidade SA dos traballos técnicos realizados en papel e acceso a plataforma web que contén a información. **Lexislación aplicable.** Os artigos 17 a 36 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño. O artigo 86 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril. Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local de 2 de abril. Esta Alcaldía acorda: **Primeiro** Aprobar o Inventario de bens e dereitos que corresponden a esta Entidade formado a día 31/12/2016, segundo a documentación técnica facilitada pola empresa INCOSA investigación e control de calidade SA, que figura no seguinte enlace e cuxo resumo por epígrafes é o seguinte enlace: <http://extranet.summa-eng.com/Invent/cerdido/Login.aspx?ReturnUrl=%2fInvent%2fcerdido%2fPrincipalmenu.aspx>



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000001
ACTA 01/2018

CATEGORÍA	Valor de adquisición	Valor neto
Inmables	20.530.080,68 €	19.360.202,53€
Dereitos Reais	203.782,43 €	190.114,81 €
Mobles de carácter histórico-artístico ou de considerable valor económico	0,00€	0,00€
Valores mobiliarios, créditos e dereitos de carácter persoal da corporación	0,00€	0,00€
Vehículos	263.538,00 €	78.944,14€
Semoventes	0,00 €	0,00€
Mobles non comprendidos nos anteriores enunciados	223.240,35 €	12.892,94 €
Bens e dereitos reversibles	144.310,99 €	144,310,99 €
	21.364,957,45	19.786.465,41


SEGUNDO. Remitir copia íntegra do mesmo á Administración da Comunidade Autónoma. Cerdido, 26 de xaneiro de 2018O Alcalde, Benigno Galego Castro. Os membros do Pleno por maioría aprobaron a proposta anterior. Cinco votos a favor dos concelleiros Rocío Martínez Martínez ,Cándido Eusebio Prieto Lago, Marina Tojeiro Martínez , David Prada Aneiros e o voto do Sr. Alcalde e tres abstencións dos concelleiros Ana Rodríguez Montero, Juan José Ramos Prieto , José Esmoris Aldao .

3.- Rectificación do Inventario de Bens do Concello a data 31/12/2017. Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte : Revisada tanto a contabilidade municipal como os contratos realizados durante 2017 , cómpre actualizar o inventario de bens a 31/12/2017 , tendo en conta o disposto no artigo 33 do Regulamento de Bens das Entidades locais , aprobado por Real Decreto1372/1986 , de 13 de xuño .Polo que esta Alcaldía propón ao Pleno o seguinte acordo :

Primeiro :Rectificar o inventario de bens do Concello de Cerdido incorporando os seguintes bens:Epígrafe 1 – Inmables

Nome	Identificación Referencia catastral	Importe	Acordo, Recepción da obra Rexistro da propiedade	C. X. ¹
Abastecemento de Casaldaia a Chao 2017/C002/000021 Lonxitude de rede de distribución en poliprotileno E 1390m de 63mm de diámetro e 90m e 50 mm		14.693,95	Decreto 29.12.2017	2
Ampliación auga as Travesas – As Cancelas		20.455,58 €	Decreto 29/12/2017	2

¹ C.X. cualificación xurídica do ben: 2 .- Dominio Público de servizo público



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000001
ACTA 01/2018


2017/C002/000020 Lonxitude de rede de distribución en poliprotileño E 2160m de 63mm de diámetro e 90m e 50 mm			
Ampliación abastecemento Freis -Diaz 2017/C002/000022 Lonxitude de rede de distribución en poliprotileño E 680m de 63mm de diámetro	7,471,12 €	Decreto 29/12/2017	2
Ampliación de auga O Covelo -As Mestas 2017/C002/000023 Lonxitude de rede de distribución en poliprotileño E 1030m de 75mm de diámetro e 150m e 50 mm	14.542,08 €	Decreto 29.12.2017	2
Ampliación de auga Seoane 2017/C002/000024 Lonxitude de rede de distribución en poliprotileño E 400m de 63mm de diámetro e 130m e 50 mm	5007,71 €	Decreto 29/12/2017	2

Epígrafe 5. vehículos

Nome	Modelo , marca	Matricula	Importe	Acordo, Recepción da obra	C X.
Furgoneta	Fiat Dobló 1.9 JTD- Nº de bastidor: ZFA22300005698217 Exp Tedec 2016/C002/000027	4717-GPG	8.400,00 €	Decreto Alcaldía 269/2016 do 28/12/2016 Acta recepción: 18/01/2017	2

Epígrafe 7 - Mobles non comprendidos noutros epígrafes

Nome	Identificación do ben	valoración	Acordo	CX
Esmeril de Banco	ASTAK SM 200 de 600W		Decreto de Alcaldía: 269/2016 do 28/12/2016 Acta recepción: 23/01/2017	2
Compresor de Aire	Abal 24h. 2Hprf2 red line. Con rearme automático e arranque por persostato.		Decreto de Alcaldía: 269/2016 do 28/12/2016 Acta recepción: 23/01/2017	2




Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000001
ACTA 01/2018

Amoladora pequena	Makita 9565 CR. Con dobre rodamiento de bolas e protector de gorra no rodamiento de bolas do inducido á carcasa do motor.	Decreto de Alcaldía: 269/2016 do 28/12/2016 Acta recepción: 23/01/2017	2
Hidrolavadora	Karcher K7. Motor eléctrico de 230 v., a potencia eléctrica de 3 kw. Filtro de auga, lanza de presión, boquilla: turbo.	Decreto de Alcaldía: 269/2016 do 28/12/2016 Acta recepción: 23/01/2017	2
Martillo demoledor	Makita HM1213C. Con sistema intelixente de percusión que baixa as revolucións cando está en bacío. Sistema "AUT" redución ó máximo as vibracións.	Decreto de Alcaldía: 269/2016 do 28/12/2016 Acta recepción: 23/01/2017	2
Bomba de achique	Bigmat 1100w Inox. Corpo de aceiro inox.	Decreto de alcaldía: 269/2016 do 28/12/2016 Acta recepción: 23/01/2017	2
Xenerador	Makita EG 4550 A. Sensor de aceite, medidor de corrente e voltaxe.	Decreto de alcaldía: 269/2016 do 28/12/2016 Acta recepción: 23/01/2017	2
Podador cortasetos de altura profesional.	Maru yama MC2630. Motor de gasolina, eixe de transmisión rixido de 7 de diámetro, empuñadura de asa.	Decreto de Alcaldía: 269/2016 do 28/12/2016 Acta recepción: 23/01/2017	2
Carretilla sulfatadora	Ausavil 56 100. Gasolina 4 tempos.	Decreto de Alcaldía: 269/2016 do 28/12/2016 Acta recepción: 23/01/2017	2
Soplador de mochila	Maruyama BLC 8500. Motor gasolina.	Decreto de alcaldía: 269/2016 do 28/12/2016 Acta recepción: 23/01/2017	2



Concello de Cerdido (A Coruña)


As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000001
ACTA 01/2018

Desbrozadora mochila	Mayurama BKC 5020. Motor gasolina.		Decreto de Alcaldía: 269/2016 do 28/12/2016 Acta recepción: 23/01/2017	2
Herbicida térmico	Congas 1011. Mango metálico recuberto de plástico, gatillo de regulación de caudal e toma. Manga de aceiro cromado con encendido piezoeléctrico. Carro portabotellas de metal equipado con 2 rodas e cadea regulable para a suxeición da botella de gas.		Decreto de Alcaldía: 269/2016 do 28/12/2016 Acta recepción: 23/01/2017	2
Escaleira plegable e dous corpos de andamios	Bigmat. Escaleira plegable, extensible, dúas posicións: recta e máis para traballar en forma de tixeira. 2 corpos de andamio coas súas respectivas barras e pranchas ou andamio europeo.		Decreto de Alcaldía: 269/2016 do 28/12/2016 Acta recepción: 23/01/2017	2
Valoración total maquinaria medio ambiente	Exp TEDEC 2016/C002/000027		6557,99 €	2
Desbrozadora lateral para acoplar ao tractor	Marca GL 1 Modelo: KA 600 AVANT. Con cabezal D130/8, brazo articulado de 6,10m., enfriador de aceite, mando hidráulico con Joystick JSPH. N° bastidor: 60040517	25.400 €	Decreto de Alcaldía: 155/2017 do 09/10/2017 Acta recepción: 20/10/2017	2
Arcadas de nadal	12 arcadas de iluminación de nadal tipo led	2.388,95 €	Decreto da Alcaldía do 13/12/2017	2
Dous espellos circulaís para vías municipais	Espello exterior acrílico 60 cm .	548,54 €	Decreto da Alcaldía 23.08.2017	2

Segundo: Rectificar o inventario de bens do concello de Cerdido, procedendo a incorporar as variacións dos seguintes bens xa inscritos.

Nº	Nome	Obra o ampliación	Melloras Importe e acta de recepción .Observacións
1INM02500005	Casa de turismo rural	Mellora da casa de turismo rural . Pórtico de madeira comunicando as dúas edificacións Exp Tedec :2017/C002/000001	Decreto 11/2017 do 02,02,2017 Importe : 2533,10 €
1INM02500011	centro social os Casas	Mellora do centro social dos Casas , pintado exterior e impermeabilización Exp Tedec :2017/C002/000011	Decreto 98/2017 do 23/06/2017 Importe : 11.817,17 €



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000001
ACTA 01/2018

1RS0250000004 Fosa en Abruñeiros	Mellora na fosa de abruñeiro e outros Exp Tedec :2017/C003/000001	Acta recepción : 27/12/2017 Importe: 33.726,33
1INM02500019 Piscina municipal	Mellora da piscina municipal de O Castro :Impermeabilización e revestimento do vaso con gres Aragon , perfil de inox e mural escudo do concello Exp Tedec :2017/C002/000012	Decreto : 25/09/2017 Importe 13.474,40 €
1ABT0250000004 Depositode auga e potabilizadora	Mellora na caldera da ETAP de Cerdido . Instalación de by pass e melloras na caldera Exp Tedec :2017/C002/000013	Importe 2466,88 Decreto 101/2017 do 27.06.2017


Cerdido, 18 de xaneiro de 2018 O Alcalde, Benigno Galego Castro. **Os membros do Pleno por maioría aprobaron a proposta anterior.** Cinco votos a favor dos concelleiros Rocío Martínez Martínez ,Cándido Eusebio Prieto Lago, Marina Tojeiro Martínez , David Prada Aneiros e o voto do Sr. Alcalde e tres abstencións dos concelleiros Ana Rodríguez Montero, Juan José Ramos Prieto , José Esmoris Aldao .

4.- Composición da mesa de contratación do Concello de Cerdido ando o órgano de contratación sexa o pleno segundo a Lei 9/2017 de contratos do sector público . Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte. Dada a inminente entrada en vigor da Lei 9/2017 de contratos do sector público e dada a nova regulación da composición da mesa de contratación , no que os membros electos non poden supoñer mais dun terzo dos membros da mesa „Esta Alcaldía ao abeiro do disposto nos artigos 326 e a Disposición adicional segunda da Lei9/2017 propón a adopción do seguinte acordo : **Primeiro:** Nomear como membros da mesa de contratación , cando o órgano de contratación sexa o pleno os seguintes membros : Presidente :Benigno Galego Castro , suplente Rocío Martínez Martínez Secretario : Cesar Yañez Carballeira , funcionario do Concello de Cerdido Vocais : Paula Diaz Tie , secretaria -interventora do Concello de Cerdido Daniel Rodríguez Fraguela funcionario do Concello de Cerdido Ana Rodríguez Montero , concelleira do Concello de Cerdido suplente Juan Ramos Prieto , concelleiro do Concello de Cerdido . Cerdido,22 de febreiro de 2018. O alcalde, Benigno Galego Castro. Os membros do Pleno por unanimidade aprobaron a proposta anterior .

5.- Dar conta dos Decretos da Alcaldía . A secretaria deu lectura a seguinte relación .

Relación de Decretos Pleno Ordinario febreiro 2018

Nº Decreto	Fecha	Asunto
00192/2017	13/12/17	Decreto de convocatoria do pleno ordinario de decembro 2017
00193/2017	13/12/17	Tramitación de Decretos, Aprobación de gastos, facturas de 1403/2017 a 15119/2017 ámbalas dúas incluídas, pagos a concelleiros, partidos político e asociacións




Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000001
ACTA 01/2018

00194/2017	14/12/17	Decreto de prorrogado do contrato de servizos de axuda no fogar
00195/2017	14/12/17	Relación de recibos correspondentes ó mes de novembro do 2017 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
00196/2017	18/12/17	Alta no padrón municipal de habitantes en Casavide, 1, Cerdido
00197/2017	18/12/17	Solicitude de autorización para usar os locais da area recreativa o castro para o festival de nadal
00198/2017	19/12/17	Tramitación de Decretos Aprobación de diversos pagos e facturas de 1520/2017 a 1537/2017
00199/2017	22/12/17	Decreto para a prorrogado do contrato laboral de Silvia Santalla Pérez como auxiliar de axuda no fogar
00200/2017	29/12/17	Decreto de aprobación da certificación numero 2 e final da obra :Mellora de saneamento en Abruñeiros incluído no Plan de Medio Ambiente da Deputación da Coruña
00201/2017	29/12/17	Decreto de aprobación de gastos
00001/2018	11/01/18	Decreto de resolución do contrato menor da dirección da obra : Reforma da piscina de O castro por extinción da empresa
00002/2018	11/01/18	Solicitude de uso do pavillón polideportivo para actividades extraescolares da APA os carrís
00003/2018	11/01/18	Relación de recibos correspondentes ó mes de decembro do 2017 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
00004/2018	16/01/18	Solicitude de reserva de instalacións para ensaios da coral
00005/2018	18/01/18	Decreto de aprobación del pago ao Concello de Valdoviño en concepto de prestación do servizo do Arquitecto Municipal por convenio de colaboración asinado
00006/2018	19/01/18	Decreto de solicitude de subvención para a contratación temporal de persoas en situación de risco de exclusión social
00007/2018	22/01/18	Decreto de solicitude de subvención para realizar obras de reparacións no polideportivo municipal ao abeiro ao programa vicepresidencia e consellería de presidencia, administracións públicas e xustiza PR486A
00008/2018	23/01/18	Alta no padrón municipal de habitantes en Barbas, 2, A Barqueira
00009/2018	23/01/18	Decreto de aprobación de emerxencia social 2018
00010/2018	23/01/18	alta no padrón municipal de habitantes en Barbas, 2, A Barqueira
00011/2018	23/01/18	Decreto de recoñecemento de complemento de antigüidade a Ana Caneiro Campos




Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000001
ACTA 01/2018

00012/2018	24/01/18	Decreto de aprobación do expediente de modificación presupuestaria 01/2018 por xeneracion de crédito
00013/2018	24/01/18	Decreto de aprobación do expediente de contratación da obra : Camiño Cruz dos Novas a Fercoi (A Barqueira) e outros incluído no Plan de mellora de camiños municipais financiado por AGADER
00014/2018	24/01/18	Autorización a UD Cebarca para realizar os adestramentos de fútbol no pavillón polideportivo
00015/2018	24/01/18	Decretos de adhesión o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP co obxecto de facilitar a posta en funcionamento da Historia Social Única Electrónica
00016/2018	25/01/18	Decreto de aprobación dos expedientes de contratación das obras incluídas no POS +2017 complementario Camiño Campo da Igrexia O Covelo (Os Casás) e outros Camiño Escola dos Casás -Pedrachantada (Os Casás) e outros
00017/2018	25/01/18	Contrato menor de servizos para realizar o Programa de atención a menores en risco social
00018/2018	25/01/18	Contrato menor de servizos para asistencia técnica de ETAP de Cerdido
00019/2018	30/01/18	Solicitude de renovación da licenza para tenza de animais potencialmente perigosos
00020/2018	30/01/18	Solicitude de autorización para usar un local do castro para celebrar unha xuntanza de entroido
00021/2018	30/01/18	Modificación presupuestaria 02/2018 por incorporación de remanentes
00022/2018	30/01/18	Decreto de aprobación da certificación de obra Núm. 1 da obra Acondicionamento da area recreativa o Castro e outros , incluído no PAS 2015 da Deputación Provincial da Coruña
00023/2018	31/01/18	Decreto de aprobación da certificación Núm. 1 da obra :Camiño Felgasas a Casaldaia de Arriba (A Barqueira) e outros
00024/2018	31/01/18	Contrato menor de servizos para a realización dun Plan de Corta
00025/2018	01/02/18	Tramitación de Decretos condenación de pagos varios e facturas 1564 e 1565 de 2017, e 1/2018 a 95/2018.
00026/2018	01/02/18	Decreto para a solicitude e adhesión o Programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios para o exercicio do ano 2018
00027/2018	01/02/18	Decreto para solicitar unha subvención para a contratación de persoal técnico en xestión cultural e/ou animación sociocultural, durante o ano 2018 da Deputación da Coruña . Referencia Subtel FO206




Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000001
ACTA 01/2018

00028/2018	01/02/18	Padrón de contribuíntes da taxa polo abastecemento de auga a domicilio e recollida de lixo do ano 2018
00029/2018	02/02/18	Contrato menor do servizo de actividades na Piscina Municipal de O Castro
00030/2018	08/02/18	Decreto de solicitude para solicitar as axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019.AGADER, Xunta de Galicia MR701E
00031/2018	09/02/18	Decreto de solicitude de subvención da liña competitiva do Fondo de Compensación Ambiental . convocada pola Vicepresidencia e Conselleira de Presidencia administración Públicas e xustiza .PR483C
00032/2018	15/02/18	Relación de recibos correspondentes ó mes de xaneiro do 2018 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
00033/2018	15/02/18	Altas no padrón municipal de habitantes en Rañoa, 1, A Barqueira
00034/2018	15/02/18	Decreto de solicitude dunha axuda económica a Xunta de Galicia ao abeiro do programa de axudas a investimentos non produtivos vinculados á realización de obxectivos agroambientais e climáticos en concellos incluídos na Rede Natura 2000.
00035/2018	16/02/18	TU501B - Subvencións a entidades locais para o apoio ás inversións para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas.
00036/2018	20/02/18	Convenio de colaboración entre os Concellos de Mañón , Ortigueira , Cedeira e Cerdido para para a solicitude da subvención do Programa de apoio ao Centro de Información a Muller (CIM)
00037/2018	20/02/18	Tramitación de Decreto de resolución por mutuo acordo do convenio de colaboración co Concello de Valdoviño para compartir os servizos do arquitecto municipal
00038/2018	20/02/18	Solicitude xeneral a nome de María Elena Ramos González expón a asociación albar quercus pola que solicita autorización para usar varios locais municipais
00039/2018	21/02/18	Decreto de resolución do contrato menor do servizo de dirección da obra :Reforma da piscina municipal de O Castro.
00040/2018	21/02/18	Procedemento Tramitación Simplificada de reclamación de danos ocasionados á propiedade municipal , tras un accidente de tráfico no lugar de As Felgosas
00041/2018	22/02/18	Decreto de aprobación da certificación de obra Núm. 1 da obra : Camiño da Barqueira a Barbas (A Barqueira) e outros incluído no POS +2017



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000001
ACTA 01/2018

A concelleira **Ana Rodríguez Montero** solicita unha aclaración os seguintes decretos :

- 1.-Decreto 09/2018 a que se adica a emerxencia social ? O alcalde informa que se vai a pagar o alugueiro a unha familia
- 2.-Decreto 31/2018 a que vai adicada a subvención solicitada .? O alcalde explica que se pretende colocar mesas e bancos no entorno da Capela de Santa Lucia e sinalización dunha ruta na Fraga dos Casás
- 3.- Decreto 31/2018 que se solicitou ao Fondo de Compensación Ambiental? O alcalde indica que se solicitou un investimento na pista que vai de de As Cancelas ata o limite co Concello de Ortigueira .
- 4.- Decreto 24/2018 a que se refire o Plan de corta ?

O alcalde explica que se pretende facer un plan de corta da Fraga da Xaneira e de parcelas na Fraga dos Casás , e preciso facer este plan e corta porque é unha extension de 15 hectáreas , nun principio no plan de corta vai a previsión de plantar Eucaliptos , nun primeiro contacto co Medio Rural non viron problemas porque a fraga soamente ten o nome de Fraga xa que ten moita especie foránea . Outra opción que se esta a estudar é a posible venta das parcelas, pero haberá un pleno ou reunión para abordar estaos temas

5.-Mocións de urxencia . Non se presentaron

6.-Rogos e Preguntas .

O concelleiro Pablo Casas Cibreiro pregunta a Alcaldía sobre quen amañou a pista de Porto do Cabo , o maderista ou o Concello

O alcalde responde que a pista amañouna o maderista pero aínda non rematou


A concelleira Ana Rodríguez Montero realiza as seguinte preguntas :

1.- Solicita da Alcaldía que lle explique o dispositivo de información do concello nos teléfonos móbiles

O alcalde informa que é un programa , que se pode incorporar a todos os teléfonos mobiles a través do Play store e que se chama Cerdido informa , e que a través del o concello envía bandos informacións diversas e ademais ten unha opción de presentar suxestións e queixas de forma anónima e pensa que mellor sistema de comunicación que o buzón

2.- Vanse limpar as cunetas das pistas de terra ?

O alcalde explica que é certo que con moita chuvia , as pistas estranganse todas , pero que é moi difícil e custoso limpalas coa maquinaria actual polo que se solicitou unha subvención para poder mercar unha pequena pala retro para facer estos traballos , no caso de que non dean a subvención , contrataríamos a limpeza dalgunha delas



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000001
ACTA 01/2018

O Concelleiro José Esmoris Aldao fai un rogo a Alcaldía , para que quiten un eucalipto que esta roto e cae sobre outro na curva do Carballeiro , é moi perigoso e no caso dun novo temporal caerá sobre a estrada

O alcalde explica que lle vai a transmitir o rogo a Estradas da Xunta

E , non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte e oito de febreiro de 2018. Do que eu como secretaria dou fe :